

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE XUSTIZA

13647 *Real decreto 980/2013, do 13 de decembro, polo que se desenvolven determinados aspectos da Lei 5/2012, do 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís.*

PREÁMBULO

I

A Lei 5/2012, do 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís, estableceu un réxime xeral desta institución en España, co propósito de favorecer o seu desenvolvemento como instrumento complementario da Administración de xustiza.

A lei configura un modelo que ten na figura do mediador unha das súas pezas esenciais, en canto que responsable de dirixir un procedemento cuxo propósito é facilitar o consenso en situacións de conflito. Por iso a Lei de mediación en asuntos civís e mercantís fai unha aposta clara pola calidade da mediación, o que leva a imporlle determinados requisitos ao mediador. A lei quixo deixar tamén unha marxe de intervención do Goberno de cara a incrementar a seguridade xurídica e a confianza dos cidadáns e habilítalo para desenvolver o seu contido en catro aspectos esenciais: por un lado, na súa disposición derradeira oitava, no que se refire á formación do mediador, a súa publicidade, a través dun rexistro dependente no Ministerio de Xustiza e o aseguramento da súa responsabilidade. E, por outro lado, a disposición derradeira sétima, para a promoción dun procedemento simplificado de mediación por medios electrónicos.

II

A formación do mediador constitúe un requisito fundamental, ligado á eficacia coa que debe desempeñar o seu labor e que, ademais da lei, ampara a Directiva 2008/52/CE, sobre certos aspectos da mediación en asuntos civís e mercantís. Esta norma europea establece a obriga dos Estados membros de fomentar «a formación inicial e continua de mediadores para garantir que a mediación se leve a cabo de forma eficaz, imparcial e competente».

Este real decreto parte dunha concepción aberta da formación, acorde cos principios de libre prestación de servizos e libre competencia que rexen a actuación dos mediadores. Por iso non se establecen requisitos estritos ou pechados respecto á configuración desa formación, os cales, con carácter xeral, han estar relacionados coa titulación do mediador, a súa experiencia profesional e o ámbito en que preste os seus servizos. Deles dependerá a formación que deba recibir un mediador para contar coa preparación necesaria.

Porén, dentro desa concepción aberta da formación semella necesario establecer algunhas regras básicas que preserven o seu obxectivo de dotar os profesionais da cualificación idónea para practicar a mediación. Unha primeira previsión sería a dos seus contidos xerais. A segunda refírese á distribución desa formación de carácter teórico ou práctico, querendo destacar a importancia das prácticas como parte necesaria da formación do mediador, que requirirá non só da posesión dun conxunto de coñecementos, senón tamén da aprendizaxe sobre o xeito de conxugalos. A terceira é a duración mínima da formación. E o cuarto condicionamento consiste na exixencia de formación continua que o mediador tamén se debe procurar.

En calquera caso, en virtude dos termos da habilitación para a súa aprobación contida na Lei 5/2012, do 6 de xullo, este real decreto límitase a regular os requisitos mínimos desa formación, pero sen establecer de xeito pechado a que teña que realizar cada mediador.

III

A publicidade dos mediadores artículase a través da creación do Rexistro de Mediadores e Institucións de Mediación, dependente do Ministerio de Xustiza. A posibilidade de creación deste rexistro está prevista na disposición derradeira oitava da Lei de mediación en asuntos civís e mercantís e, como indica o seu nome, non só comprende os mediadores, senón tamén as institucións de mediación.

A finalidade deste rexistro é facilitar a publicidade e a transparencia da mediación e dar a coñecer aos cidadáns os datos relevantes que se refiren á actividade dos mediadores profesionais e das institucións de mediación. Para conseguir este propósito, o Rexistro de Mediadores e Institucións de Mediación confórmase como unha base de datos informatizada á cal se accede gratuitamente a través do sitio web do Ministerio de Xustiza.

Atendendo á súa finalidade, o rexistro estrutúrase en tres seccións: a primeira destinada á inscrición dos mediadores, a segunda en que se inscribirán os mediadores concursais, que regula o título X da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal (que engadiu a Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización), e a terceira para as institucións de mediación.

Coa excepción dos mediadores concursais, a inscrición no rexistro non se configura con carácter obrigatorio senón voluntario para mediadores e institucións de mediación. Non obstante, a regulación do Rexistro de Mediadores e Institucións de Mediación fai del unha peza importante para reforzar a seguridade xurídica neste ámbito, na medida que a inscrición nel permitirá acreditar a condición de mediador que, plasmada na acta inicial dunha mediación, será obxecto de comprobación tanto polo notario que eleve a escritura pública o acordo de mediación, como polo xuíz que proceda á homologación xudicial de tales acordos. A este respecto tamén se debe lembrar a importancia desta acreditación co fin de cumprir co disposto na Directiva 2008/52/CE que impón aos Estados membros o deber de garantir que as súas normas sobre prazos de caducidade e prescrición non impidan ás partes recorrer aos tribunais ou á arbitraje en caso de que fracase o seu intento de mediación e en relación con cuestións como a necesidade de que o principio de confidencialidade despregue os seus efectos nun posible proceso posterior entre as partes que previamente recorreron á mediación.

Como se apuntou, non obstante a voluntariedade da inscrición no Rexistro de Mediadores, o número 1 do artigo 233 da Lei concursal establece a necesidade de que sexa o Rexistro de Mediadores e Institucións de Mediación do Ministerio de Xustiza o que lle subministre ao portal do «Boletín Oficial del Estado» os datos necesarios para facilitarles a notarios e rexistradores mercantís o nomeamento de mediadores concursais. É por iso que a existencia e regulación dese rexistro como paso previo ao nomeamento dos mediadores concursais se fai ineludible.

IV

O capítulo IV deste real decreto dedícase a regular a obriga de aseguramento que a lei lles impón aos mediadores e que se articula a través dun contrato de seguro de responsabilidade civil ou garantía equivalente co fin de cubrir os danos e perdas derivados da súa actuación.

De forma paralela, introdúcese a obriga de aseguramento da responsabilidade das institucións de mediación a que se refire o artigo 14 da Lei 5/2012, do 6 de xullo, e que poderán derivar ben da designación do mediador ou ben do incumprimento das obrigas que lles incumben.

Finalmente, establécese que a institución de mediación deberá asumir solidariamente co mediador a responsabilidade derivada da actuación deste para garantir de forma efectiva a previsión establecida na lei que lle outorga ao prexudicado acción contra o mediador e a institución de mediación que corresponda, con independencia das accións de reembolso que asistan a esta contra os mediadores.

V

O último capítulo desta norma ten por obxecto a determinación das liñas básicas do procedemento simplificado de mediación por medios electrónicos. Dentro do marco de flexibilidade que caracteriza a mediación, destaca a posibilidade de desenvolver o procedemento a través de medios electrónicos, recollida no artigo 24 da lei. O número 2 deste artigo fai referencia aos supostos de reclamación de cantidades que non superen os 600 euros, para os cales se establece a utilización preferente de medios electrónicos, sempre que non haxa impedimentos para algunha das partes e estas opten por recorrer a estes sistemas para desenvolver unha mediación. E a disposición derradeira sétima da lei habilita o Goberno, por iniciativa do Ministerio de Xustiza, para promover a resolución de conflitos relativos a reclamacións de cantidade e nos cales as pretensións non fagan referencia a argumentos de confrontación de dereito, a través dun procedemento simplificado desenvolvido por medios electrónicos.

Este real decreto céntrase na concreción mínima dos aspectos que aseguren que ese procedemento simplificado de mediación por medios electrónicos se desenvolva coas garantías necesarias. Desta forma, non se efectúa unha regulación detallada ou pechada do procedemento simplificado de mediación e considérase máis adecuado, por unha banda, aplicar o disposto no réxime xeral da Lei 5/2012, do 6 de xullo, e, por outra, establecer unhas normas básicas relativas ás súas particularidades propias, determinadas pola especificidade do seu obxecto, da súa duración e pola utilización de medios electrónicos.

O procedemento simplificado de mediación por medios electrónicos é coherente coa flexibilidade e autonomía da institución e permite pasar dunha tramitación presencial a outra electrónica e ao contrario, en atención ás necesidades das partes. Igual que existe a posibilidade de realizar procesos mixtos, nos cales parte das actuacións se realizan de forma presencial e parte se realizan de forma electrónica. Este procedemento é consecuente, tamén, cunha das características claves da mediación, a axilidade. Así, a súa duración non excederá un mes e iniciarase coa maior brevidade posible -no prazo máximo de dous días desde a recepción da solicitude-.

A necesidade de asegurar a citada seguridade xurídica e tecnolóxica explica as previsións deste real decreto de cara a que as incidencias ou problemas técnicos non prexudiquen nin as partes nin a continuidade dos procedementos, así como as que se refiren ao sentido que deba ter a falta de acceso ás comunicacións por algunha das partes.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Xustiza, oído o Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 13 de decembro de 2013,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto desenvolver as disposicións da Lei 5/2012, do 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís, en relación coa formación e o alcance da obriga de aseguramento da responsabilidade civil dos mediadores, así como coa publicidade dos mediadores e das institucións de mediación e co procedemento simplificado de mediación por medios electrónicos.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

As normas deste real decreto son de aplicación aos mediadores e ás institucións de mediación que desenvolvan a súa actividade profesional ao abeiro do disposto na Lei de mediación en asuntos civís e mercantís.

CAPÍTULO II

Formación dos mediadores

Artigo 3. *Necesidade de formación dos mediadores.*

1. O mediador deberá contar con formación específica para exercer a actividade de mediación.

2. A formación do mediador poderase adquirir nun ou varios cursos e deberá permitir o dominio das técnicas da mediación e o desenvolvemento do procedemento de acordo cos principios e garantías que establece a lei, en especial respecto aos asuntos que non se poidan someter á mediación, o respecto aos dereitos e lexítimas expectativas de terceiros, así como a responsabilidade do mediador.

Artigo 4. *Contido da formación do mediador.*

1. A formación específica da mediación deberá proporcionarlles aos mediadores coñecementos e habilidades suficientes para o exercicio profesional de mediación e comprenderá, como mínimo, en relación co ámbito de especialización en que presten os seus servizos, o marco xurídico, os aspectos psicolóxicos, de ética da mediación, de procesos e de técnicas de comunicación, negociación e de resolución de conflitos.

2. A formación específica da mediación desenvolverase tanto a nivel teórico como práctico, e corresponderá a este último, polo menos, un 35 por cento da duración mínima prevista neste real decreto para a formación do mediador. As prácticas incluírán exercicios e simulación de casos e, de xeito preferente, a participación asistida en mediacións reais.

Artigo 5. *Duración da formación en materia de mediación.*

1. A duración mínima da formación específica do mediador será de 100 horas de docencia efectiva.

2. Será válida a formación recibida ante institucións estranxeiras sempre que estas estean debidamente acreditadas nos seus respectivos países e, se é o caso, terase en conta para completar a duración mínima exixida.

Artigo 6. *Formación continua dos mediadores.*

Os mediadores deberán realizar unha ou varias actividades de formación continua en materia de mediación, de carácter eminentemente práctico, polo menos cada cinco anos, as cales terán unha duración total mínima de 20 horas.

A realización de cursos de especialización nalgún ámbito da mediación permitirá cumprir o requisito da formación continua do mediador.

Artigo 7. *Centros de formación.*

1. A formación específica dos mediadores, incluída a súa formación continua, deberana impartir centros ou entidades de formación, públicos ou privados, que contén con habilitación legal para levar a cabo tales actividades ou coa debida autorización da Administración pública con competencia na materia.

2. Os centros que impartan formación específica para o exercicio da mediación haberán de contar cun profesorado que teña a necesaria especialización nesta materia e reúna, polo menos, os requisitos de titulación oficial universitaria ou de formación profesional de grao superior. Así mesmo, os que impartan a formación de carácter práctico

deberán reunir as condicións previstas neste real decreto para a inscrición no Rexistro de Mediadores e Institucións de Mediación.

3. Os centros remitirán ao Ministerio de Xustiza, a través da súa sede electrónica, os seus programas de formación en mediación e indicarán os seus contidos, a metodoloxía e avaliación da formación que vaian realizar, así como o perfil dos profesionais a que vaia dirixida en atención á súa titulación e experiencia, xuntando o modelo de certificado electrónico da formación que lles entreguen aos seus alumnos.

No certificado expedido polos centros de formación farase constar, polo menos, a titulación do alumno, as características da formación recibida e a superación do curso.

4. Os centros de formación poderán organizar actividades de formación continua, especialmente de carácter práctico, dirixidas aos mediadores que xa contasen con formación inicial para o exercicio da mediación.

CAPÍTULO III

O Rexistro de Mediadores e Institucións de Mediación

Sección 1.ª Organización

Artigo 8. *Creación e obxecto do Rexistro de Mediadores e Institucións de Mediación.*

Créase o Rexistro de Mediadores e Institucións de Mediación, que ten por finalidade facilitar o acceso dos cidadáns a este medio de solución de controversias a través da publicidade dos mediadores profesionais e das institucións de mediación.

Artigo 9. *Natureza e réxime xurídico do Rexistro de Mediadores e Institucións de Mediación.*

1. O Rexistro de Mediadores e Institucións de Mediación terá carácter público e informativo e constituirase como unha base de datos informatizada accesible a través do sitio web do Ministerio de Xustiza.

2. Ademais das normas deste real decreto, serán de aplicación ao Rexistro as normas que regulan o acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos e a utilización de técnicas electrónicas, informáticas e telemáticas pola Administración xeral do Estado.

Artigo 10. *Organización do Rexistro de Mediadores e Institucións de Mediación.*

1. O Rexistro de Mediadores e Institucións de Mediación depende do Ministerio de Xustiza.

2. O director xeral dos Rexistros e do Notariado ten a condición de responsable do Rexistro, para os efectos do previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, ante o cal se exercerán os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición.

Artigo 11. *Voluntariedade da inscrición.*

1. A inscrición dos mediadores que desenvolvan a actividade de mediación de conformidade coas previsións da Lei de mediación en asuntos civís e mercantís e das institucións de mediación no Rexistro será voluntaria.

Non obstante, será requisito previo a inscrición no Rexistro para o nomeamento como mediador concursal, conforme o establecido polo número 1 do artigo 233 da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.

A solicitude de inscrición no Rexistro comportará o consentimento para o tratamento dos datos que se proporcionen e a súa publicidade. Os formularios utilizados, que farán referencia a este aspecto, indicarán para tal fin que a información que se subministre,

excluídos os documentos que a acrediten, será pública a través do Rexistro nas condicións que se establecen neste capítulo.

2. A inscrición, tanto das institucións de mediación coma dos mediadores, efectuarase mediante a declaración responsable dos datos previstos neste real decreto no formulario existente para tal fin na sede electrónica do Ministerio de Xustiza.

Artigo 12. *Efectos da inscrición.*

1. A inscrición no Rexistro de Mediadores e Institucións de Mediación permitirá acreditar a condición de mediador, así como o carácter de institución de mediación.

A acreditación dos requisitos exixidos ao mediador concursal e a súa inscrición no Rexistro posibilitará a subministración dos seus datos ao portal do «Boletín Oficial del Estado» para a súa designación nos procedementos para alcanzar un acordo extraxudicial de pagamentos, de acordo co título X da Lei concursal.

2. A inscrición no Rexistro non exclúe a responsabilidade do mediador nin da institución de mediación respecto do cumprimento dos requisitos que lles son exixibles nin a que lles corresponda no exercicio da súa actividade.

3. Fronte ás resolucións do encargado do Rexistro poderase interpor recurso de alzada ante o subsecretario de Xustiza, se é o caso, a través da sede electrónica do Ministerio de Xustiza.

Artigo 13. *Estrutura do Rexistro de Mediadores e Institucións de Mediación.*

O Rexistro de Mediadores e Institucións de Mediación estrutúrase en tres seccións:

- a) Na sección primeira do Rexistro inscribíranse os mediadores.
- b) Na sección segunda do Rexistro inscribíranse os mediadores concursais.
- c) Na sección terceira do Rexistro inscribíranse as institucións de mediación.

Sección 2.^a Inscrición dos mediadores

Artigo 14. *Información que deben proporcionar os mediadores.*

1. A través do formulario de solicitude contido na sede electrónica do Ministerio de Xustiza, os mediadores poderanse inscribir na sección primeira do Rexistro de Mediadores e Institucións de Mediación e achegar, para a súa publicidade nel e mediante declaración responsable sobre a súa veracidade, subscrita con certificado recoñecido de sinatura electrónica, os seguintes datos:

- a) O seu nome, apelidos e número de identificación fiscal.
- b) O enderezo profesional e a información de contacto, incluído o seu correo electrónico e sitio web, se o tiveren.
- c) A especialidade profesional.
- d) A titulación, formación específica de mediación e experiencia profesional.
- e) A área xeográfica principal ou preferente de actuación profesional, incluído cando sexa todo o territorio nacional ou comprenda tamén outros Estados.
- f) A póliza do contrato de seguro de responsabilidade civil profesional ou, de ser o caso, do certificado de cobertura expedido pola entidade aseguradora ou a garantía equivalente que se tivese constituído. Indicarase un enderezo electrónico da entidade aseguradora ou da entidade de crédito en que constituíse a garantía equivalente.
- g) A súa integración, se é o caso, nalgunha institución de mediación.
- h) A súa inscrición, se é o caso, nalgún outro rexistro de mediadores dependente doutra Administración pública.

Malia a obriga de achegar esta información, non será pública a información relativa ao número de identificación fiscal e, en relación coa cobertura da responsabilidade, só se

indicará a existencia da póliza ou garantía equivalente, a entidade con que se constituíu e a contía garantida.

2. Mediante orde do ministro de Xustiza especificaranse os documentos electrónicos que deben xuntarse á información prevista no número anterior, os cales se achegarán ao formulario de solicitude na forma que se indique na sede electrónica do Ministerio de Xustiza.

3. Tamén se poderán inscribir mediadores recoñecidos en calquera outro Estado membro da Unión Europea, que lle xuntarán por medios electrónicos á súa solicitude unha certificación oficial do rexistro do seu país ou certificación da súa condición de mediador expedida pola autoridade competente do Estado de que se trate e unha tradución xurada desta.

4. A publicidade dos mediadores inscritos no Rexistro articularase a partir dos criterios da súa identidade, profesión e especialidade, área xeográfica preferente de actuación profesional e, de ser o caso, pola súa integración nalgunha institución de mediación.

Artigo 15. *Alta no Rexistro e comprobación de datos.*

1. O encargado do Rexistro dará de alta na sección primeira do Rexistro o mediador que así o solicite e remita os datos e documentos a que se refire o artigo anterior. A partir dese momento a súa información poderase consultar no sitio web do Ministerio de Xustiza.

2. O encargado do Rexistro, cando o considere procedente de cara a verificar os datos remitidos, poderalle solicitar ao remitente o envío da documentación orixinal de que se trate. Para tal fin, tamén poderá dirixirse ao centro que certificou a formación alegada ou, se é o caso, á institución de mediación a que pertenza.

O mediador deberá acreditar estar en posesión do título oficial universitario ou de formación profesional de grao superior, que conta coa formación específica para exercer a mediación e que subscribiu un contrato de seguro ou garantía equivalente para a cobertura da súa responsabilidade civil. No caso contrario, o encargado non procederá á inscrición e notificaralle as razóns ao interesado.

En caso de omisión ou erro nalgún dos datos exixidos, concederáselle ao interesado un prazo de 10 días para a súa emenda. En defecto de emenda, arquivarase a solicitude.

Fronte á denegación ou arquivamento da inscrición poderase interpor o recurso a que se refire o número 3 do artigo 12.

3. Unha vez efectuada a inscrición do mediador, o encargado do Rexistro comunicaralle por vía electrónica a dita inscrición á entidade aseguradora da súa responsabilidade civil profesional ou á entidade de crédito en que constituíu unha garantía, solicitándolle a comunicación da resolución do seu contrato de seguro ou da garantía equivalente.

Artigo 16. *Actualización de datos.*

O mediador inscrito no Rexistro estará obrigado a comunicar, a través da sede electrónica do Ministerio de Xustiza, a modificación dos seus datos, en especial a que se refira á cobertura da súa responsabilidade civil, así como a actualización da información relativa á formación continua que realice e á súa experiencia.

Artigo 17. *Baixa no Rexistro.*

1. Serán causas de baixa no Rexistro de Mediadores e Institucións de Mediación as seguintes:

a) A extinción do contrato de seguro de responsabilidade profesional ou da garantía equivalente, sen que proceda á realización dun novo contrato ou constitución dunha nova garantía.

b) A inhabilitación ou suspensión para o exercicio da súa profesión por autoridade competente, incluíndo os colexios profesionais e cámaras de Comercio, Industria e Navegación, así como os seus consellos xerais.

c) A solicitude do interesado.

d) A falta de acreditación por parte do mediador da formación continua que debe recibir.

e) A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se xunte ou incorpore á declaración responsable a que se refire o artigo 14.

f) A concorrencia de causa que determine a imposibilidade física ou xurídica de continuar na prestación da actividade de mediación.

g) O falecemento do mediador.

2. As institucións de mediación comunicaranlle ao encargado do Rexistro calquera das causas sinaladas no número anterior que afecten algún dos mediadores que actúen no seu ámbito, no prazo máximo de 10 días desde que tiveren coñecemento destas.

3. Cando se teña coñecemento dalgunha das circunstancias que impliquen a baixa no Rexistro, o encargado deste, sempre que resulte procedente, dará audiencia ao interesado con carácter previo a ditar a resolución que proceda, contra a cal poderase interpor o recurso a que se refire o número 3 do artigo 12.

Sección 3.^a Inscripción dos mediadores concursais

Artigo 18. Inscripción dos mediadores concursais.

1. As persoas naturais ou xurídicas que acrediten o cumprimento dos requisitos exixidos polo número 1 do artigo 233 da Lei concursal poderán solicitar a súa inscrición como mediadores concursais na sección segunda do Rexistro de Mediadores e Institucións de Mediación, para os efectos de poderen ser designados nos procedementos para alcanzar un acordo extraxudicial de pagamentos.

2. A inscrición dos mediadores concursais efectuarase, cando se trate de persoas naturais, de conformidade coas normas xerais previstas na sección anterior deste capítulo, a través do formulario establecido para o efecto na sede electrónica do Ministerio de Xustiza. En todo caso, deberán xuntarse os documentos que acrediten o cumprimento dalgunha das condicións a que se refiren os ordinais 1.^o e 2.^o do número 1 do artigo 27 da Lei concursal.

Se o mediador concursal está colexiado poderá xustificar o cumprimento dos requisitos exixidos mediante certificado en formato electrónico do respectivo colexio profesional.

As persoas xurídicas poderán solicitar a inscrición presentando o modelo de solicitude establecido para estes efectos na sede electrónica do Ministerio de Xustiza, no cal, ademais dos datos de identificación da persoa xurídica, se concretarán as persoas naturais que, por figuraren inscritas nas seccións primeira ou segunda do Rexistro de Mediadores e Institucións de Mediación, poderán desenvolver a actividade de mediación en representación da persoa xurídica. Adicionalmente, a persoa xurídica deberá acreditar que concorren nela as condicións establecidas no parágrafo último do número 1 do artigo 27 da Lei concursal.

Artigo 19. Remisión á Axencia «Boletín Oficial do Estado» dos datos correspondentes aos mediadores concursais.

1. Unha vez xustificado o cumprimento dos requisitos exixidos, o Rexistro comunicarlle inmediatamente e por medios electrónicos á Axencia Estatal Boletín Oficial do Estado os datos do mediador concursal, para os efectos de incluílos no portal a que se refire o número 1 do artigo 233 da Lei concursal. Entre os datos que vai subministrar o

Rexistro figurarán sempre o nome, os apelidos e o número de identificación fiscal, o seu domicilio e datos de contacto, incluíndo, se é o caso, un enderezo de correo electrónico.

Do mesmo xeito, comunicárase inmediatamente a baixa do mediador no Rexistro para que a partir dese momento non figure no dito portal e non poida ser designado mediador concursal.

2. O ingreso dos mediadores concursais no portal terá lugar por orde estritamente cronolóxica de recepción, situándose nese momento ao final da secuencia. Se algún mediador ou institución que ingresase con anterioridade no portal fora despois excluído deste por causar baixa no Rexistro, e volvese inscribirse, reingresarán no portal sen recuperar a súa antiga posición na secuencia e quedará incorporado no último lugar.

3. Os rexistradores mercantís e os notarios accederán ao portal mediante certificado recoñecido de sinatura electrónica e requirirán a subministración dos datos do mediador concursal que de forma secuencial corresponda, de entre os que teñan o domicilio na provincia designada polo solicitante, para os efectos de que poida ser nomeado nos acordos extraxudiciais de pagamentos que aqueles tramiten. No caso de que non existisen mediadores concursais dispoñibles dentro da provincia solicitada, subministrará o que corresponda de entre as provincias limítrofes e, se tampouco isto for posible, subministrará os datos do primeiro que corresponda dentro da comunidade autónoma. En último lugar sinalará o portal que corresponda dentro de todo o territorio do Estado.

Se o mediador designado non aceptar o cargo, o rexistrador mercantil ou notario volverá realizar unha nova petición en que expresará esta circunstancia. O mediador designado que non aceptar o cargo situarase ao final da secuencia, sen que poida volver ser designado ata que finalice esta.

Sección 4.^a Inscripción das institucións de mediación

Artigo 20. Inscripción das institucións de mediación.

As institucións de mediación que teñan entre os seus fins o impulso da mediación regulada na Lei de mediación en asuntos civís e mercantís poderanse inscribir na sección terceira do Rexistro de Mediadores e Institucións de Mediación, con independencia do seu carácter público ou privado, español ou estranxeiro, incluídas as de carácter internacional.

Artigo 21. Información que proporcionar ao Rexistro.

1. Mediante declaración responsable subscribida con certificado recoñecido de sinatura electrónica por quen posúa a súa representación, as institucións de mediación deberán proporcionar a seguinte información ao solicitar a súa inscrición e a súa publicidade no Rexistro de Mediadores e Institucións de Mediación:

- a) A denominación e o número de identificación fiscal.
- b) O domicilio, incluído o seu enderezo electrónico e sitio web, se o tiveren. Cando teñan sitio web indícarán se nel se poden consultar os seus estatutos ou regulamentos en materia de mediación, códigos de conduta ou boas prácticas, se os tiveren.
- c) Os mediadores que actúen no seu ámbito e os criterios de selección destes, que deberán garantir en todo caso a transparencia na referida designación.
- d) Os fins e actividades estatutarias, así como as súas especialidades. Se entre os seus fins figurar tamén a arbitraje, deberán indicar as medidas adoptadas para asegurar a separación entre ambas as dúas actividades.
- d) O ámbito territorial de actuación.
- e) Sistemas de garantía de calidade internos e externos, tales como mecanismos de reclamacións, de avaliación do servizo, de avaliación dos mediadores e procedementos sancionadores ou disciplinarios.
- f) A implantación de sistemas de mediación por medios electrónicos, se é o caso.
- g) A póliza do contrato de seguro de responsabilidade civil ou garantía equivalente.

h) Unha memoria anual das actividades realizadas en que se indiquen o número de mediadores designados, de mediacións desenvolvidas por mediadores que actúen dentro do seu ámbito e a súa finalización en acordo ou non, así como calquera outra información que consideren relevante para os fins da mediación.

2. As institucións de mediación estranxeiras que se inscriban no Rexistro de Mediadores e Institucións de Mediación deberán indicar, ademais, se se encontran inscritas no Rexistro doutros países.

3. Mediante orde do ministro de Xustiza especificaranse os documentos electrónicos que se deben xuntar á información prevista no número anterior, os cales se achegarán ao formulario de solicitude na forma que se indique na sede electrónica do Ministerio de Xustiza.

Artigo 22. *Alta e baixa no Rexistro de Mediadores e Institucións de Mediación.*

1. O encargado do Rexistro inscribirá na sección terceira do Rexistro a institución de mediación que así o solicite e remita os datos e documentos a que se refire o artigo anterior. A partir dese momento, a súa información poderase consultar no sitio web do Ministerio de Xustiza.

2. Cando o encargado do Rexistro o considere procedente de cara a verificar os datos remitidos, poderalle solicitar á institución de mediación remitente o envío da documentación orixinal de que se trate. Unha vez constatada a súa veracidade, o encargado do Rexistro devolverá a documentación orixinal á institución de mediación. No caso contrario, o encargado do Rexistro denegará a inscrición e notificaralle as razóns ao representante da institución.

En caso de omisión ou erro nalgún dos datos exixidos, concederáselle á institución un prazo de 10 días para a súa emenda. En defecto de emenda, archivarase a solicitude.

Fronte á denegación ou ao arquivamento da inscrición poderase interpor o recurso a que se refire o número 3 do artigo 12.

3. Unha vez practicada a inscrición da institución de mediación, o encargado do Rexistro comunicarlle por vía electrónica a dita inscrición á entidade aseguradora da súa responsabilidade civil ou á entidade de crédito en que constituíu unha garantía, solicitándolle a comunicación das modificacións ou a resolución do seu contrato de seguro ou da garantía equivalente.

4. Será causa de baixa no Rexistro a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se xunte ou incorpore á declaración responsable a que se refire o artigo anterior.

Cando se teña coñecemento dalgunha destas circunstancias, o encargado do Rexistro dará audiencia á institución de mediación e ditará posteriormente a resolución que proceda, contra a cal se poderá interpor o recurso a que se refire o número 3 do artigo 12.

Artigo 23. *Actualización de datos no Rexistro.*

1. As institucións de mediación que se inscriban no Rexistro están obrigadas a comunicar a variación da información que se indica no artigo 19, así como o cesamento nas súas actividades co obxecto de proceder á súa baixa rexistral.

2. As institucións de mediación deberán comunicarlle ao Rexistro, nun prazo máximo de 10 días, as sancións disciplinarias que lles impuxesen aos mediadores que actúen no seu ámbito, para os efectos previstos no artigo 17.

Sección 5.^a Coordinación cos rexistros de mediadores das comunidades autónomas

Artigo 24. *Principio de coordinación.*

O Rexistro de Mediadores e Institucións de Mediación do Ministerio de Xustiza coordinarase cos demais rexistros de mediadores que poidan existir nas comunidades

autónomas, co fin de asegurar a unidade de datos, a economía de actuacións e a eficacia administrativa.

Artigo 25. *Convenios de colaboración.*

1. O Ministerio de Xustiza e as comunidades autónomas poderán subscribir convenios de colaboración a través dos cales poderán acordar a remisión recíproca de información de mediadores e, de ser o caso, de institucións de mediación, así como fórmulas de simplificación da inscrición e modificación de datos nos distintos rexistros a través da súa interconexión.

2. O Rexistro de Mediadores e Institucións de Mediación do Ministerio de Xustiza comunicarlles, no prazo máximo dun mes, aos rexistros de mediadores das comunidades autónomas os mediadores que tivesen inscritos e que tamén estivesen nestes últimos rexistros.

3. En virtude das obrigas asumidas nos convenios de colaboración que se subscriban, os rexistros de mediadores dependentes das comunidades autónomas comunicarán, no prazo máximo dun mes, as súas cancelacións e a súa causa ao Rexistro de Mediadores e Institucións de Mediación do Ministerio de Xustiza. Anualmente, informarán o Ministerio de Xustiza da actividade de mediación realizada no ámbito de cada comunidade autónoma.

CAPÍTULO IV

O seguro de responsabilidade civil ou garantía equivalente dos mediadores e institucións de mediación

Artigo 26. *Obriga de aseguramento da responsabilidade civil profesional do mediador.*

1. Todo mediador deberá contar cun contrato de seguro de responsabilidade civil ou unha garantía equivalente por cuxa virtude o asegurador ou entidade de crédito se obligue, dentro dos límites pactados, a cubrir o risco do nacemento a cargo do mediador asegurado da obriga de indemnizar polos danos e perdas causados no exercicio da súa función.

2. Este seguro ou garantía poderá ser contratado a título individual polo mediador ou dentro dunha póliza colectiva que inclúa a cobertura da responsabilidade correspondente á actividade de mediación.

3. Cando se trate de mediadores que actúen dentro do ámbito dunha institución de mediación, a cobertura dos danos e perdas que puideren derivar da actuación do mediador poderá ser asumida directamente pola institución de mediación.

Artigo 27. *Cobertura do seguro de responsabilidade civil ou da garantía equivalente.*

O seguro de responsabilidade civil ou garantía equivalente do mediador comprenderá a cobertura de todos os danos e perdas, distintos aos resultados esperados da mediación, que causen polos seus actos ou omisións, como os derivados da infracción dos principios de imparcialidade e confidencialidade, erro profesional ou a perda ou extravío de expedientes e documentos das partes.

Artigo 28. *Suma asegurada.*

A suma asegurada ou garantida polos feitos xeradores da responsabilidade do mediador, por sinistro e anualidade, será proporcional á entidade dos asuntos en que interveña. O mediador informará as partes, con carácter previo ao inicio do procedemento, da cobertura da súa responsabilidade civil e deixará constancia desta na acta inicial.

Artigo 29. *Obriga de aseguramento da responsabilidade das institucións de mediación.*

Con independencia da posibilidade de asumir a contratación da cobertura da eventual responsabilidade civil dos mediadores que actúen dentro do seu ámbito, as institucións de mediación deberán contar cun seguro ou cunha garantía equivalente que cubra a responsabilidade que lles corresponde, de acordo coa Lei de mediación en asuntos civís e mercantís, en especial, a que puider derivar da designación do mediador.

CAPÍTULO V

O procedemento simplificado de mediación por medios electrónicos

Sección 1.^a Normas xerais

Artigo 30. *Ámbito do procedemento simplificado de mediación por medios electrónicos.*

Desenvolverase preferentemente polo procedemento simplificado a mediación por medios electrónicos que consista nunha reclamación de cantidade que non exceda 600 euros ou doutro interese cuxa contía non supere esa cantidade, salvo que o seu emprego non sexa posible para algunha das partes ou cando estas acorden un procedemento distinto e sempre que as pretensións das partes non se refiran a argumentos de confrontación de dereito.

Artigo 31. *Responsables do procedemento de mediación simplificado por medios electrónicos.*

1. O mediador e, se é o caso, a institución de mediación que contraten cun provedor de servizos electrónicos deberán habilitar os mecanismos necesarios para garantirles ás partes a seguridade, o bo funcionamento da plataforma e dos sistemas electrónicos utilizados, así como a privacidade, a integridade e o segredo dos documentos e das comunicacións e a confidencialidade en todas as fases do procedemento, e asegurará o cumprimento das previsións exixidas na normativa en materia de protección de datos de carácter persoal.

Consonte o principio de confidencialidade, daráselles opción ás partes a indicar se os documentos que entregan ou as comunicacións que interpoñen non teñen este carácter. De non constar manifestación expresa e por escrito das partes, entenderase que a documentación e as comunicacións quedan sometidas ao réxime de confidencialidade.

2. Cando a institución de mediación ou, de ser o caso, o mediador contrate os servizos electrónicos de mediación cun provedor, este terá a condición de encargado do tratamento daqueles datos e dará cumprimento ás previsións exixidas na normativa en materia de protección de datos de carácter persoal. O anterior entenderase sen prexuízo da responsabilidade directa do mediador ou da institución de mediación fronte ás partes polos danos que se lles puidesen causar polo incumprimento das obrigas que lles incumban, en particular en aplicación das normas sobre protección de datos de carácter persoal.

3. As institucións de mediación e, de ser o caso, os mediadores aseguraranse de que os medios electrónicos utilizados cumpren as condicións de accesibilidade previstas na Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, co fin de lograr a igualdade de oportunidades para as persoas con discapacidade.

4. Os medios electrónicos aplicados aos procedementos simplificados de mediación deberán incorporar mecanismos de rexistro de actividade que permitan auditar o seu correcto funcionamento.

Artigo 32. *Acreditación da identidade e condición de usuario.*

1. As partes e o mediador acreditarán a súa identidade conforme o disposto na Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, mediante un sistema de sinatura electrónica que garanta a identificación dos asinantes e, se é o caso, a autenticidade e integridade dos documentos electrónicos, en todas as actuacións que requira o procedemento simplificado de mediación por medios electrónicos. No seu defecto, as partes e o mediador poderán acreditar a súa identidade presencialmente ante o mediador ou as institucións de mediación e acordar un sistema de acceso seguro de mutuo acordo.

En todo caso, a identidade das partes debe acreditarse na presentación da solicitude de inicio e na contestación, no momento da chegada de documentación, no establecemento de comunicacións, na sinatura das actas e do acordo de mediación.

2. A actuación por medio de representante requirirá a acreditación da representación ante o mediador ou a institución de mediación.

Artigo 33. *Formularios.*

1. O mediador ou a institución de mediación que desenvolva procedementos simplificados de mediación por medios electrónicos proporcionará, de ser o caso, a través do seu sitio web, os formularios ou impresos electrónicos normalizados de solicitude de inicio e de contestación do procedemento, nos cales informará que, en ningún caso, as pretensións das partes se referirán a argumentos de confrontación de dereito.

2. Os medios electrónicos de mediación ofrecerán formularios normalizados que permitan a emenda de erros ou omisións, así como a retirada da solicitude de inicio da mediación en liña e, no caso de que se dese comezo ao procedemento, o exercicio do dereito das partes a dar por rematadas as actuacións.

Artigo 34. *Documentación e expediente.*

1. Os medios electrónicos empregados no procedemento simplificado de mediación xerarán como xustificante de entrega unha copia dos formularios e da documentación ou información en calquera soporte que presenten as partes, nun formato que garanta a súa integridade e permita o seu arquivamento e impresión.

No documento xerado como xustificante deberá constar o número de rexistro, a data e hora de presentación, a identidade do mediador e, de ser o caso, da institución de mediación e unha indicación de que o formulario ou documento foi tramitado correctamente.

2. O expediente será único para todo o procedemento simplificado de mediación e agrupará o formulario de solicitude, toda a información descritiva do conflito, todas as comunicacións que se produzan entre as partes e o mediador e os documentos presentados, que as partes non tivesen excluído da incorporación ao expediente de acordo co principio de confidencialidade, así como todas as actas e, de ser o caso, o acordo final.

3. As partes estarán informadas en todo momento da xestión e almacenamento da documentación e das comunicacións producidas ao longo da mediación.

Artigo 35. *Compromiso de acceso.*

1. O sistema electrónico empregado no procedemento simplificado de mediación permitirá acreditar a posta á disposición das comunicacións relacionadas coa mediación e as partes asumirán o compromiso de acceder a elas no enderezo electrónico que indiquen.

2. O rexeitamento da comunicación ou o transcurso de cinco días naturais sen acceder ao seu contido no enderezo electrónico indicado entenderase como non asistencia á sesión de mediación, salvo que se acredite a imposibilidade de efectuar ese acceso.

*Sección 2.^a Normas de tramitación**Artigo 36. Duración e desenvolvemento do procedemento simplificado de mediación.*

1. O procedemento electrónico simplificado de mediación terá unha duración máxima dun mes, contado desde o día seguinte ao da recepción da solicitude, prorrogable por acordo das partes.

2. O emprego de medios electrónicos no procedemento simplificado de mediación, incluída, se é o caso, a sesión informativa, permitirá unha comunicación adecuada entre as partes e o mediador, sexa separada ou conxuntamente, e posibilitará o diálogo e o achegamento de posturas.

3. As partes, de mutuo acordo, poderán transformar un procedemento simplificado de mediación por medios electrónicos en calquera outro procedemento de mediación. No procedemento simplificado de mediación por medios electrónicos poderanse levar a cabo de xeito presencial as actuacións que as partes acorden.

Artigo 37. Inicio da mediación.

1. Unha vez presentado o formulario de solicitude da mediación polo solicitante, o mediador porase en contacto, coa maior brevidade, coa parte solicitada para obter a súa conformidade para o comezo do procedemento.

O mediador concederalle á parte solicitada un prazo razoable para contestar a solicitude. Se a parte solicitada non contestar dentro do prazo, a solicitude considerarase rexeitada, sen que iso lles impida ás partes desenvolver posteriormente un procedemento de mediación presencial ou electrónico.

O mediador informará o solicitante do momento en que se produza a contestación á súa solicitude, o seu sentido ou, de ser o caso, a falta de resposta da outra parte.

2. Unha vez recibida a contestación, remitiráselles ás partes un certificado que terá a consideración de acta da sesión constitutiva para os efectos de xerar un número de expediente.

Artigo 38. Posicións das partes.

1. As posicións das partes quedarán reflectidas no formulario de solicitude e no de contestación que o mediador ou a institución de mediación poñan á súa disposición.

2. A parte solicitante fixará a cantidade reclamada no formulario de solicitude de inicio. O formulario recollerá unha epígrafe relativa aos detalles da pretensión, na cal se especificará a desagregación da cantidade reclamada entre o principal e os xuros, ou outros aspectos controvertidos sobre as condicións de pagamento.

3. O formulario de contestación permitirá aceptar a cantidade reclamada, rexeitala ou formular unha contraproposta, caso en que se especificará tamén a súa posición respecto á pretensión presentada.

Disposición adicional primeira. Validez da formación efectuada con anterioridade.

A formación específica que con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto recibisen os mediadores será válida e, de ser o caso, terase en conta para completar os requisitos de formación exixibles.

Disposición adicional segunda. Informes de actividade das institucións de mediación.

1. As institucións de mediación elaborarán, polo menos, un informe anual de actividade sobre os seguintes aspectos:

- a) Número de solicitudes recibidas e tipo de reclamación con que estean relacionadas.
- b) Se é o caso, procedementos de mediación por medios electrónicos tramitados.

- c) Porcentaxe de procedementos interrompidos antes de chegar a un resultado.
- d) Duración media dos procedementos.
- e) Número de acordos alcanzados.
- f) Grao de satisfacción das partes co procedemento e, se é o caso, co acordo alcanzado.
- g) Casos de cooperación con outras entidades de resolución alternativa de conflitos que faciliten a tramitación de conflitos transfronteirizos.

2. As institucións de mediación publicarán, se é o caso, no seu sitio web os informes anuais de actividade mencionados no número anterior.

Disposición adicional terceira. *Non incremento do gasto público.*

As medidas incluídas neste real decreto non suporán incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición transitoria primeira. *Acreditación temporal da formación do mediador.*

Ata o 1 de xuño de 2014 poderase acreditar a formación do mediador mediante certificación da súa inscrición no rexistro de mediadores dunha comunidade autónoma.

Disposición transitoria segunda. *Listas provisionais de mediadores concursais.*

Ata a entrada en funcionamento do Rexistro de Mediadores e Institucións de Mediación, a relación de mediadores concursais que se comunicará á Axencia Boletín Oficial do Estado confeccionarase a partir das listas de administradores concursais que cumpran os requisitos do artigo 18 deste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro da competencia exclusiva do Estado en materia de lexislación mercantil, procesual e civil, prevista no artigo 149.1.6.^a e 8.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para o desenvolvemento normativo.*

Habilítase o ministro de Xustiza para ditar as disposicións necesarias para a posta en funcionamento do Rexistro de Mediadores e Institucións de Mediación.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

1. Este real decreto entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

2. Para a posta en funcionamento do Rexistro de Mediadores e Institucións de Mediación establécense os seguintes prazos:

- a) A data para o envío por parte dos centros de formación da información que se indica no número 3 do artigo 7 comeza o 1 de marzo de 2014.
- b) A data de apertura do rexistro para a realización de solicitudes de inscrición por parte dos mediadores, dos mediadores concursais e das institucións de mediación será o 1 de abril de 2014.
- c) A data de inicio da publicidade do rexistro será o 1 de xuño de 2014.

Dado en Madrid o 13 de decembro de 2013.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Xustiza
ALBERTO RUIZ-GALLARDÓN JIMÉNEZ